

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### ARTEIXO

##### Persoal

*Reactivación dos procesos selectivos do Concello de Arteixo*

#### ANUNCIO: PUBLICACIÓN DA REACTIVACIÓN DOS PROCESOS SELECTIVOS DO CONCELLO DE ARTEIXO

Téndose aprobado por Decreto nº 1662/2020 de data 23/07/2020 con CVD: SMVIPKPZ8pc+AFFo0yZP, a reactivación dos procesos selectivos suspendidos durante o estado de alarma da crise sanitaria pandemia COVID-19 e demais en tramitación derivados da execución OEP 2017 e OEP 2019, procédese a súa publicación para xeral coñecemento e efectos oportunos:

**PRIMEIRO.-** Proseguir coa tramitación de tódolos procedementos de selección/provisión de persoal realizando tódolos trámites administrativos previos ao chamamento de aspirantes para realización da fase de oposición (nos casos de procedemento de concurso-oposición) e, especificamente, en execución das OEP 2017 e 2019 segundo os prazos determinados polo RDLei 23/2020 ( BOE 24 de xuño.- exercicio 2021)

**SEGUNDO.-** Determinar dende o momento presente e ate finalización da actual situación de risco sanitario, a prevalencia da utilización de medios telemáticos en toda a selección pública desta Administración, tanto para as actuacións dos membros dos órganos cualificadores designados (Tribunais de selección, Comisións avaliadoras, etc.) como para posibilitar sempre que sexa posible, a realización non presencial dos exercicios da fase de oposición, sendo especialmente aplicable a todos aqueles procesos selectivos que aínda non iniciaron dita fase de oposición.

**TERCEIRO.-** Para os procesos selectivos de natureza temporal que iniciaron a fase de oposición previamente ao estado de alarma (Bolsa de administrativos/Interinidade adtvo. Urbanismo/Bolsa de Técnicos de Admón. xeral) **pospoñer a convocatoria para a realización dos seguintes exercicios, de non ser posible a súa realización por medios telemáticos, como mínimo ate o vindeiro 1 de outubro 2020 e sempre supeditando tal data á situación epidemiolóxica e ás instrucións que sexan ditadas polas autoridades sanitarias e instrucións autonómicas en materia de selección de persoal.** A partires desa data mínima, un de outubro 2020, cómpre proceder ao chamamento de membros de Tribunais e chamamento de aspirantes cunha antelación de publicidade na web e taboleiro de edictos previa mínima de 15 días hábiles.

**CUARTO.-** Para os procesos selectivos de natureza fixa, en propiedade, que iniciarán fase de oposición nos vindeiros meses e **nos que resolta inviable a realización de probas por medios telemáticos** debido á natureza das mesmas en obrigada concordancia coas funcións das prazas convocadas – **probas de capacitación de persoal de oficios**, como o expediente de selección de 11 prazas de condutor de residuos sólidos urbanos e demais similares- **pospoñer a convocatoria para realización dos exercicios, como mínimo ate o vindeiro 1 de outubro 2020** e sempre supeditando tal data á situación epidemiolóxica e ás instrucións que sexan ditadas polas autoridades sanitarias e instrucións autonómicas en materia de selección de persoal. A partir desa data mínima, un de outubro 2020, proceder á chamamento de membros de Tribunais e chamamento de aspirantes cunha antelación de publicidade na web e taboleiro de edictos previa mínima de 15 días hábiles.

**QUINTO.-** No específico expediente da Bolsa de emprego de persoal do Corpo administrativo: Proceder á prórroga da listaxe de aspirantes derivada da anterior convocatoria da Bolsa (duración inicial 31 decembro 2019), para casos de urgente e inaprazable substitución/nomeamento, limitando tal prórroga á entrada en vigor da listaxe de bolsa derivada do proceso selectivo en curso, **prórroga que non poderá superar o límite temporal máximo de 6 meses** dende a sinatura do presente.

**SEXTO.-** Outorgar aos tribunais de selección, a través dos seus Presidentes, a competencia de ditar os acordos, actos administrativos e instrucións que se consideren oportunos, en desenvolvemento do establecido nas bases reguladoras de cada proceso, para garantir que tanto no chamamento de aspirantes como na realización presencial de exercicios, se observen tódalas **medidas de prevención e seguridade en máxima medida** para evitar o risco de contaxio, mentres dure a situación de crise sanitaria derivada da pandemia do COVID-19. Ditas instrucións, acordos e/ou actos deberan recollese explicitamente no expediente correspondente acreditándose a publicidade e coñecemento previo dos/as aspirantes.

A tal fin e, sen perxuízo doutras medidas que podan considerarse oportunas, na realización de exercicios presenciais, deberán adoptarse como mínimo as seguintes:

.- Control de aforos e observancia de medidas de distanciamento social tanto dos opositores/as como do público acompañante, podendo a tal efecto prohibir a asistencia física de terceiros non opositores ás instalacións nas que se realice o chamamento e mesmo nos espazos exteriores desas instalacións, na procura de evitar aglomeracións.

.- Obrigatoriedade de acudir aos exames presenciais con medios físicos de prevención (mascarillas) e sometemento ás medidas de hixienización preventiva que sexan determinadas e facilitadas pola Administración , como por exemplo: utilización de xel hidroalcohólico, luvas, pantallas ou similares.

**SÉTIMO.-** Proceder a dar á máxima publicidade da presente a través da súa publicación no BOP de A Coruña, taboleiro de edictos e web municipal, dando así mesmo traslado á representación sindical aos efectos oportunos.

**OITAVO.-** Dar traslado ao Dpto de persoal para que procedan segundo os trámites oportunos.

Arteixo, 24 de xullo de 2020

Asina: Carlos Calvelo Martínez, Alcalde-Presidente

2020/5080